



DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA A SELECCIÓN, NOMEAMENTO E CESE DAS DIRECCIÓNS DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS QUE IMPARTEN AS ENSIANZAS REGULADAS NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 21 de novembro de 2006, emite o seguinte ditame en relación co Proxecto de decreto polo que se regula a selección, nomeamento e cese das direccións dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

1.- O Consello Escolar de Galicia insta á Administración educativa a que revise a linguaxe de xénero utilizada no texto do proxecto de decreto. Nuns casos, por exemplo no apartado a) do punto 1 do artigo 7º, fala de “unha inspectora ou inspector”; nese mesmo punto, no apartado b), fala de “tres profesores”.

2.- O Consello Escolar propón que se inclúa un parágrafo no preámbulo, despois do primeiro parágrafo, co seguinte texto: “Esta Lei concibe a participación como un valor básico para a formación dos cidadáns, por iso posibilita e fomenta a participación democrática de todos os membros da comunidade educativa na organización, goberno, funcionamento e avaliación dos centros educativos a través dos órganos colexiados. Este marco xeral de participación e compromiso facilita o papel que desenvolven as direccións no proceso de dinamización da innovación e mellora da calidade educativa nos centros docentes”.

3.- No apartado b) do punto 1 do artigo 6º, propónse que onde di: “De solicitarse máis dun centro deberá presentarse un proxecto de dirección para cada centro”; diga: “De solicitarse máis dun centro deberá presentarse un proxecto específico de dirección para cada centro”.

4.- Propónse a substitución do texto do apartado c) do punto 1 do artigo 7º polo seguinte: “tres membros do consello escolar, elixidos por e entre os membros do consello escolar que non son profesores”.



5.- Para o apartado c) da disposición adicional terceira propónse un novo texto, que diga: “Un membro do consello escolar elixido por e entre os seus membros que non son profesores”.

6.- O Consello Escolar propón cambiar o título do punto 1 do anexo, polo seguinte: “Antigüidade: máximo catro puntos”.

7.- Propónse a substitución do punto 4 do anexo, polo seguinte:

“4.- Cursos e actividades de formación: máximo 3 puntos.

Por cursos e actividades de formación relacionadas coa función directiva organizados polas administracións educativas que se atopen en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologados ou recoñecidos polas administracións anteditas, así como os organizados polas universidades: 0,05 puntos por cada 10 horas

4.1 Por actividades e cursos recibidos: ata 2 puntos.

4.2 Por cursos impartidos: ata 1 punto.”.

O Secretario

Asdo.: José Alejo Losada Aldrey

V. e Pr.
A Vicepresidenta

Asdo.: Milagros Blanco Pardo